



MEMORIA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2016

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no art. 168.1.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Alcalde-Presidente que subscribe ao amparo das delegacións vixentes, encomendou ao Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda a formación do proxecto de Orzamento Xeral desta Entidade correspondente ao exercicio de 2016, cuxo contido, en resumo, desglósase nos seguintes parágrafos.

O Orzamento Xeral do Concello de Vigo esta conformado polo da propia Entidade Local e o organismo autónomo administrativo dependente da mesma, en consecuencia, esta integrado por:

- Entidade Local.
- Xerencia Municipal de Urbanismo.

Orzamento que se presenta en relación coas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

En relación co estado de gastos, as liñas fundamentais enviadas ao MINHAP estaban a prever un crecemento do 1% no capítulo I, un 2% no capítulo II, un contía inferior ao 6% no capítulo IV, e uns investimentos que deberían acadar alomenos un 4% dos gastos non financeiros, e estar nunha contía arredor dos 9 millóns de euros. Non estaba prevista operación ningunha para concertar novos pasivos financeiros.

En canto ao estado de ingresos, o capítulo I tería que axustarse ao contido das ordenanzas que están en trámite de aprobación definitiva, axustando ademais, os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica.

En relación coa variación do imposto cedido polo Estado en relación co IRPF, a súa variación estaría en función da comunicación que faga o MINHAP, sobre a variación se fará a explicación no epígrafe correspondente aos ingresos. O capítulo II, ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, manterase a mesma previsión ca do ano precedente.

Para a cesión do IVE e I.IEE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, as previsións suxeitaranse á comunicación que faga sobre as mesmas o MINHAP.

O capítulo III, ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, manteranse as previsións do ano anterior, facéndose si cabe os axustes

en relación co aproveitamento por operadoras de telefonía móbil e do servizo de grúa.

Capítulo IV. O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento e na Participación nos tributos da Comunidade Autónoma. En canto aos primeiros, a variación en relación coas entregas a conta do ano 2015 prevíase nun 2,5%, tendo en conta a liquidación do ano 2014.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma mantíñase invariable. O mesmo criterio aplícase a subvención para o servizo de Axuda no fogar e para o servizo de protección da saúde (CEDRO).

A subvención ao transporte público colectivo urbano prevíase a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste.

Organismos Autónomos Administrativos

En relacións cos OO.AA: Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo e Escola Municipal de Artes e Oficios, están en proceso técnico de disolución, integrándose os mesmos como un programa orzamentario no orzamento do Concello.

O Pleno do Concello en sesións do 2 de maio e 13 de xuño de 2014, aprobou inicialmente e definitivamente o Orzamento para o ano 2014. Na formación das vontades dos grupos políticos municipais que votaron a favor da proposta no expediente número 27/142, entre outras das conclusións as que chegaron, foi a de iniciar os estudos para a integración dos Organismos Autónomos Administrativos na propia Entidade Local, o cal supón a súa extinción xurídica-técnica e disolución dos mesmos.

Un dos obxectivos da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e a de racionalizar a estrutura organizativa da Administración local de acordo cos principios de eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira, na procura inequívoca destes obxectivos, o goberno local procedeu a articular o acordo de disolución dos citados OO.AA, mantendo as mesmas prestacións que ata agora viñan desenvolvendo estes Organismos, aínda que diminuíndo os custes das prestacións.

Aplicando o método e protocolos previstos, así como os informes técnicos e xurídicos -baseado sempre na eficiencia e na sostibilidade-, procederase dentro do ano 2015 a integrar na administración municipal os organismos autónomos de VigoZoo, IMD e EMAO.

En consecuencia co anterior, tendo en conta que o estado de gastos e ingresos da Entidade está a reflectir as previsións dos OO.AA que están en fase de disolución, o mesmo non é comparable co do ano anterior, téndose que facer a análise sobre os estados consolidados. Ata este ano, a Entidade Local, mediante transferencia, financiaba parte do estado de gastos dos OO.AA, agora, neste orzamento, prodúcese unha minoración importante no capítulo IV, xa que os gastos dos OO.AA que se disolven, forman parte do estado de gastos da Entidade (capítulo I e II).

Principios básicos do orzamento que se presenta

O proxecto orzamentario que se presenta para o ano 2016, caracterízase polo seu equilibrio,

racionalidade e sustentabilidade, pero sobre todo marcado pola procura da máxima eficiencia dos recursos públicos e os seus empregos, garantindo non só a prestación de servizos e investimentos, senón a sustentabilidade orzamentaria e financeira, constituíndo esta condición o paradigma que garante a continuidade nas prestacións e na calidade das mesmas, ademais de garantir que as empresas que prestan os servizos cobren nuns prazos por debaixo dos 25 días. O Concello de Vigo ven aplicando o principio de sustentabilidade dende hai anos, e cando entra en vigor a Lei Orgánica 2/2012, esta Entidade xa tiña percorrido o camiño da sustentabilidade.

Este Orzamento responde aos obxectivos e actuacións que fundamentan a mellora dos servizos sociais, especialmente os destinados a facer fronte a crise, ao emprego, os servizos educativos, culturais, protección e promoción social, e en xeral, os servizos públicos básicos.

O orzamento de 2016 responde ás características da situación actual, na que se fai precisa a adopción de políticas que faciliten a recuperación económica e que asenten as bases da recuperación sostida do emprego, ademais dunha ampla cobertura social, onde as persoas son o importante, de aí, que se produza unha mellora nas dotacións dos servizos sociais.

O orzamento mellora as prestacións do exercicio precedente, non só atendendo a súa calidade senón tamén a intensidade, facendo un uso máis eficiente dos recursos na actual situación económica.

Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo

En canto ao Orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, foi sometido a proposta ao Consello da Xerencia e preséntase por separado. En cumprimento do previsto no art.166.1.c) do TRLRFL, sen prexuízo da súa individualización, preséntase un estado consolidado conformado polo orzamento da Entidade Local e o Organismo Autónomo. O orzamento da XMU ten a dotación necesaria para facer fronte á actividade que foi obxecto de desconcentración polo Pleno da Corporación, e estará vixente ata que se produza a súa integración no Concello, se fose o caso.

Os aspectos salientables na estrutura do orzamento reflíctense na dotación para dar cobertura ás necesidades relativas aos proxectos de desenvolvemento no ámbito da xestión urbanística, nos que merecen especial consideración, a redacción do proxecto de urbanización da Avd. Europa, a segunda anualidade da redacción do Plan Parcial de Balaídos e outro desenvolvemento do planeamento, así como o de facer fronte a procesos de expropiación pendentes.

O capítulo I recolle axustes dos custes da Seguridade Social e a variación do 1% prevista na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

O capítulo II, experimenta un crecemento importante, a orixe da mesma e a redacción do desenvolvemento do planeamento dos proxectos citados.

En relación co reintegro que facía á Entidade (persoal adscrito), axústase á baixa en 326.553,52 euros, o cal permite unha maior dispoñibilidade de recursos para o Organismo.

Tanto a memoria orzamentaria como o informe económico financeiro, pon de relevancia as

variacións tanto nos recursos como nos empregos en relación co orzamento precedente, que era o prorrogado do ano 2014.

En relación cos ingresos, hai unha mellora nas previsións, xustificada na situación de liquidación de dereitos e cobros que se reflicten nos estados contables e orzamentarios a esta data, facéndose unha previsión de ingresos axustada a realidade.

En relación coa transferencia que se facía no capítulo VII, se recolle no capítulo IV, posibilitando ao Organismo facer un emprego máis flexible, en función das necesidades, aínda que neste caso, a súa aplicación faise no capítulo VI do estado de gastos, como se pode comprobar, a contía deste capítulo ten unha dotación por unha contía superior á aportación que reflectía o capítulo VII.

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2016-2015

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2016	Importe 2015	Variación %	Importe 2016	Importe 2015	Variación %
1	3.894.822,35	3.700.082,98	5,26%			
2	1.440.240,37	1.201.363,98	19,88%			
3				1.365.489,77	1.216.624,14	12,24%
4	1.375.512,47	1.677.065,99	-17,98%	5.705.407,84	5.383.269,44	5,98%
5				24.000,00	16.870,79	42,26%
6	384.322,42	378.251,42	1,61%			
7					340.000,00	-100,00%
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
Total	7.119.897,61	6.981.764,37	1,98%	7.119.897,61	6.981.764,37	1,98%

Sobre a contía dos estados iniciais que se someten a consideración do Consello e posteriormente ao Pleno da Corporación, tramitaranse as preceptivas modificacións orzamentarias, das que merece especial relevancia, a correspondente á incorporación de remanentes e se fose o caso, a de aplicación do superávit SEC- 2010 correspondente á Liquidación do orzamento do ano 2015.

Outra das modificacións orzamentarias que será obxecto de tramitación, é o convenio sobre rehabilitación de vivenda que se asina Organismo tanto coa Xunta de Galicia como co Ministerio de Fomento.

Orzamento da Entidade Local e estados consolidados

Os estados de gastos e ingresos do orzamento da Entidade Local e os consolidados son os seguintes, resumidos por capítulos:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO CO ORZAMENTO PRORROGADO DO ANO 2015

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2016	Importe 2015	Variación %	Importe 2016	Importe 2015	Variación %
1	64.055.638,19	58.907.159,24	8,74%	103.831.645,34	102.241.340,00	1,56%
2	115.303.289,79	107.053.714,95	7,71%	7.709.710,00	6.501.120,00	18,59%
3	185.321,53	1.063.719,00	-82,58%	36.706.577,19	35.251.477,40	4,13%
4	32.754.795,05	39.253.678,62	-16,56%	74.610.994,31	71.116.818,09	4,91%
5	600.000,00	200.000,00	200,00%	2.168.390,36	3.180.000,00	-31,81%
Operc. C.N.F	212.899.044,56	206.478.271,81	3,11%	225.027.317,20	218.290.755,49	3,09%
6	9.064.353,35	4.046.071,96	124,03%	,00	,00	0,00%
7	335.000,00	965.056,26	-65,29%	,00	,00	0,00%
Operac. N.F	222.298.397,91	211.489.400,03	5,11%	225.027.317,20	218.290.755,49	3,09%
8	646.000,00	601.000,00	7,49%	646.000,00	600.000,00	7,67%
9	2.728.919,29	6.218.309,49	-56,11%	,00	,00	0,00%
Total	225.673.317,20	218.308.709,52	3,37%	225.673.317,20	218.890.755,49	3,10%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO CO ORZAMENTO PRORROGADO DO ANO 2015

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2016	Importe 2015	Variación %	Importe 2016	Importe 2015	Variación %
1	67.950.460,54	67.152.626,72	1,19%	103.831.645,34	102.241.340,00	1,56%
2	116.743.530,16	114.288.860,61	2,15%	7.709.710,00	6.501.120,00	18,59%
3	185.321,53	1.063.749,00	-82,58%	38.072.066,96	39.221.547,86	-2,93%
4	27.268.079,13	26.036.072,56	4,73%	73.454.173,76	69.495.611,58	5,70%
5	600.000,00	200.000,00	200,00%	2.192.390,36	3.237.323,17	-32,28%
Operac. N.F	212.747.391,36	208.741.308,89	1,92%	225.259.986,42	220.696.942,61	2,07%
6	9.448.675,77	4.531.016,22	108,53%	,00	,00	0,00%
7	335.000,00	546.133,42	-38,66%	,00	,00	0,00%
Operacións. N.F	222.531.067,13	213.818.458,53	4,08%	225.259.986,42	220.696.942,61	2,07%
8	671.000,00	671.040,48	-0,01%	671.000,00	670.040,48	0,14%
9	2.728.919,29	6.218.309,49	-56,11%	,00	,00	0,00%
Total	225.930.986,42	220.707.808,50	2,37%	225.930.986,42	221.366.983,09	2,06%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS

A análise particularizado de cada un dos capítulos e Áreas de Gasto, faise dun xeito xenérico, coa excepción que poida requirir algunha variación salientable, a súa avaliación polo miúdo, analízase no informe económico que forma parte do expediente do orzamento.

En canto ás dotacións destinadas a sufragar a débeda, as variacións nos pasivos a longo prazo teñen unha diminución en relación co ano precedente, sendo a variación do 56,11 por 100. O

importe que figura como pasivos financeiros no estado de gastos e por unha contía de 2.728.919,29 euros, mentres que a prórroga reflectía unha dotación de 6.218.309,49 euros.

Amortizacións extraordinarias de débeda

No ano 2013, o Pleno da Corporación en sesións ordinarias do 27/05/2013 e 05/08/2013, aprobou unha amortización extraordinaria por unha contía de 16.656.233,44 euros. No ano 2014, o Pleno en sesión do 26/05/2014 e executada con data 30/09/2014, acordou unha amortización extraordinaria por unha contía de 10.186.743,88 euros. No ano 2015, o mesmo órgano en sesión do 23/02/2015, aprobou unha amortización extraordinaria por unha contía de 10.780.629,21 euros.

Ano	A. Extraordinaria	A. Ordinaria	T. Amortización
2013	16.656.233,44	9.077.390,74	25.733.624,18
2014	10.186.743,88	6.800.355,46	16.987.099,34
2015	10.780.629,21	6.013.935,01	16.794.564,22
Total	37.623.606,53	21.891.681,21	59.515.287,74

En canto ao custo financeiro da débeda, prodúcese unha diminución en relación co ano anterior. No ano 2015, prórroga do orzamento do ano 2014, dotáronse 1.063.749,00 euros, aínda que tendo en conta as contías das amortizacións extraordinarias do ano 2014-2015, o gasto efectivo está previsto para o ano 2015 arredor de 185.000,00 euros, facéndose unha dotación para o ano 2016 de 178.291,53 euros.

Seguindo a estratexia política de débeda cero, o estado de ingresos non reflicte ningún pasivo financeiro, de tal xeito que non vai a producirse custe adicional polo servizo de débeda, sendo o financiamento dos empregos totais do orzamento, con cargo a ingresos non financeiros.

Persoal

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, no seu artigo 20, segue a manter a limitación á incorporación de persoal de novo ingreso, quedando reducida con carácter xeral ao 50 por 100 da TRE, aínda que o mesmo artigo prevé algunhas excepcións, aínda que require que se cumpran determinados obxectivos, ademais de ter unha tramitación especial que nos últimos anos non se fixo exercicio da mesma.

Para a Policía Local e servizo de prevención e extinción de incendios, sempre que se trate de Entidades Locais que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais ou, no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endebedamento. Ademais do anterior, deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria, coas autorizacións que regulamenta a Lei, poderán chegar ao 100 por 100 da TRE.

Tamén poderán chegar ao 100 por 100 da TRE, os servizos de asesoramento xurídico e os de xestión dos recursos públicos, neste caso, a Lei non prevé que se teña que dar cumprimento aos

requisitos esixidos para a Policía Local e o servizo de extinción de incendios.

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, no seu artigo 19. Dous, establece que as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

Nas instrucións para a elaboración do capítulo I e cadro de persoal, recóllense as modificacións que se acordaron ao longo do ano 2015, así como as vacantes que se foron producindo e as correspondentes á Oferta/s de Emprego Público pendentes de execución.

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 29 de xuño de 2015. Ademais destas limitacións, as retribucións do Alcalde e dos Srs. Concelleiros, para o ano 2016, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado.

O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-I 1/2014.

De igual xeito, darase cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual. En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), estase a cumprir coas dúas limitacións.

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non teñan dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004.

O capítulo I do Orzamento dos Estados consolidados reflicte unha variación do 1,19% en relación co ano anterior, quedan xustificada pola variación do 1% previsto na Lei de Orzamentos do Estado e polos axustes nos custes da Seguridade Social no Organismo Autónomo XMU.

Neste capítulo, en aplicación da estrutura orzamentaria (ORDEN EHA 3565/2008 e Orde HAP/419/2014), as retribucións, tanto básicas como os complementos de destino, específico e antigüidade son obxecto de desglose atendendo os grupos de clasificación do persoal funcionario establecidos no artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico dos Empregados Públicos.

As dotacións consolidadas deste capítulo representan un 30,08% sobre orzamento total e un 30,54% sobre os gastos non financeiros.

Gastos en bens correntes e servizos

O capítulo II do estado de gastos reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, figurando dotados todos estes compromisos de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións que forman este capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais nos casos que procedan.

No que se refire os servizos básicos, en ningún caso haberá unha merma nas prestacións, e aínda na situación económica, os servizos municipais manterán un alto nivel de calidade e chegarán a máis cidadáns, en consecuencia, os servizos públicos básicos aínda tendo en conta os axustes polos procedementos de adxudicación, están a manter a súa dotación. O obxectivo é unha xestión máis eficiente dos recursos orzamentarios e os seus empregos, priorizándose os empregos e garantindo a calidade e cantidade das prestacións.

Os servizos públicos básicos que reflicte os servizos de Seguridade e Orde Público, Servizos de extinción de incendios, xestión e tratamento de residuos, limpeza viaria, urbanismo, medio ambiente, servizo de alumeadado, mantemento de parques e xardíns, espazos forestais e vías públicas, representa o 50,43% do gasto non financeiro dos estados consolidados, evidentemente, os servizos públicos básicos constitúen a estrutura básica desta entidade, na que se sustentan a totalidade dos servizos fundamentais que se prestan aos cidadáns.

As actuacións de protección e promoción social, na que se inclúen entre outras as de acción social e emprego, están a manter as dotacións. Becas de comedor, axuda para alugueiros, alimentos e carencia enerxética, hai un aumento importante na dotación para facer fronte a situación de emerxencia, pasando dos 452 mil euros aos 802 mil euros para o ano 2016.

Como notas destacadas do capítulo II, na área de gasto de bens públicos de carácter preferente, están as políticas de gasto en educación cun crecemento do 7,88 por 100, con dúas novas garderías infantís. No programa da UNED, incrementase para un maior desenvolvemento da oferta formativa, (máis grados), a dotación en aulas internacionais que pasa de 700 mil euros a 1.310 mil euros, o convenio coa FOAMPA.

A promoción do deporte e instalacións deportivas, experimentan un crecemento moi importante, a mellora é do 12,9%.

En xeral, hai unha constante, o incremento das contías destinadas á política social e o mantemento de todas as políticas de benestar comunitario. Como nota máis salientable, as políticas de fomento do deporte, cultura, educación e as restantes que conforman os servizos públicos de carácter preferente, teñen un crecemento conxunto do 3,86%.

O capítulo II ten un crecemento do 7,71% no orzamento da Entidade, aínda que pola razón xa explicada da acumulación do gasto dos OO.AA: VIGOZOO, IMD e EMAO, no é homoxéneo facer a análise sobre a entidade, senón sobre os estados consolidados. Nestes últimos, o incremento é dun 2,15%, que ten a súa orixe no incremento do programa de becas de inglés e na actualización dos contratos de servizos, representando este capítulo un 51,67% sobre orzamento total e un 52,46% sobre os gastos non financeiros.

Custes financeiros do servizo de débeda

O capítulo III, como consecuencia da redución da débeda, diminúe nun 82,58%.

Transferencias e subvencións correntes

En canto a variación global do capítulo IV do estado de gastos da entidade, transferencias correntes e subvencións, é de menos 16,56%, sendo a causa a non imputación a este capítulo de 7.925.136,62 euros que conformaban a transferencia corrente aos OO.AA en disolución. Nos estados consolidados, a variación é positiva nun 4,73%. Neste capítulo están dotadas as políticas de becas de comedor e libros, axudas a emerxencia social, os programas de emprego, as axudas para alugueiros, alimentos, carencia enerxética, programa de creación de empresas, subvencións ao deporte, subvención dos bonos aos usuarios do transporte urbano colectivo, etc. En resumo, melloráronse todas as políticas de promoción social e servizos públicos de carácter preferente e todas aquelas destinadas aos ámbitos da poboación máis desfavorecidos.

Mantense a aposta polo emprego, cun plan cuxo custe total directo ascende a máis de 5 millóns de euros, incluíndose dotacións para o desenvolvemento de políticas activas de emprego, programas de axudas a xeración de emprego e de asesoramento a emprendedores, axudas á creación de empresas. Tamén se dotan recursos para a xestión do plan mediante a asinación de convenios con outros axentes e ao plan de emprego xuvenil.

No capítulo I do estado de gastos, segue a manterse o Plan de Emprego Municipal dotado con 1,5 millóns de euros. Ademais destas dotacións, incorporáranse ao orzamento do ano 2016 por modificación de orzamentos os acordos asinados coa Comunidade Autónoma e con Fondos Europeos en materia de emprego, obradoiros, etc., que posibilitan a contratación de novos traballadores, que axudan a amortecer os efectos negativos da situación económica actual.

As dotacións ás políticas de transferencias e subvencións correntes, representan o 12,07% do orzamento total consolidado e un 12,25% sobre o gasto non financeiro.

Investimentos

No cadro de investimentos, pódese comprobar a composición do financiamento para cada unha das operacións de capital non financeiro. O Concello afrontase ao financiamento das súas operacións de capital sen a axuda nin cooperación da Xunta de Galicia.

O financiamento ten a orixe seguinte:

Entidade, orixe do financiamento dos investimentos reais

F. Propia	Financiamento alleo					T. Oper. capital Non financeiro
	Préstamo	Deputación	Xunta Galicia	Unión Europea	Admón. Central	
9.064.353,35	,00	0	0	0	0	9.064.353,35

Estados consolidados

F. Propia	Financiamento alleo					T. Oper. capital Non financeiro
	Préstamo	Deputación	Xunta Galicia	Unión Europea	Admón. Central	
9.448.675,77	,00	0	0	0	0	9.448.675,77

Achégase o plan de investimentos e unha relación de proxectos, no que se recollen accións tanto en zonas urbanas como rurais, que responde as necesidades e demandas dos cidadás.

Así mesmo, incorpórase o plan de investimentos e financiamento (PIF) a facer nos próximos catro anos. A necesidade de achega dun plan para o período descrito, ademais dos investimentos previstos para o ano 2016, ven imposta polo desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Aplicación	Proxecto	Investimentos da Entidade	2016	
			Re. propios	Outro financiamento
1360.6320000	16136000	Parque de Bombeiros	729.220,76	
1532.6000000	16153210	Adquisición terreo camiño público Salvador	17.000,00	
1532.6090000	16153200	Aparcadeiro H. Alvaro Cunqueiro	520.000,00	
1532.6190000	16153201	Humanización rúa Ferreiro, Bouzas	150.000,00	
1532.6190006	14155006	Mellora infraestruturas en parroquias	430.000,00	
1532.6190007	14155007	2ª fase Rúa Rosalia Castro	900.000,00	
1532.6190008	14155008	2ª Fase humanización F. Espino	500.000,00	
1532.6190028	10155028	4ª Fase humanización Rúa Aragón	500.000,00	
1532.6190050	13155050	Mell. Accesibilidade peonil, P. Sol. Ab. Menendez	670.000,00	
1532.6190051	16153251	Humanización rúa LLorente	200.000,00	
1532.6190052	16153252	Humanización rúa Bueu	565.000,00	
1532.6190053	16153253	Humanización rúa Doctor Corbal, fase 1	480.000,00	
1532.6190054	16153254	Humanización marxe impar rúa Canceleiro	10.000,00	
1710.6090000	16171000	Mobiliario Urbano	150.000,00	
1710.6190000	16171010	Mell. Instalacións deport. En parques	100.000,00	
1710.6190003	16171003	Recuperación de zonas verdes	80.000,00	
1710.6190007	16171007	Mellora en Parques Públicos	25.000,00	
1710.6190015	16171015	Parques infantís e biosaudables	350.000,00	
1710.6190016	16171016	Arranxo de palcos nas alamedas	25.000,00	
2410.6230000	16241000	Maquinaria programas de emprego	20.000,00	
2410.6250000	16241001	Mobiliario programas de emprego	5.000,00	
2410.6260000	16241002	Equipos informáticos programas de emprego	5.000,00	
3230.6250000	16323000	Mobiliario para colexios	15.000,00	
3230.6310000	16323010	Investimentos en patios colexios	15.000,00	
3261.6230000	16326100	Maquinaria instalacións e utillaxe	3.000,00	
3261.6250000	16326101	Mobiliario aula e talleres, EMAO	3.000,00	
3261.6260000	16326102	Sistemas informáticos, EMAO	2.000,00	
3261.6320000	16326103	Mellora no edificio, EMAO	11.000,00	
3360.6220002	13336002	Rehabilitación Casa Patín, liquidación	38.534,58	
3360.6250000	16336000	Mobiliario Caso do Patín	15.000,00	

3360.6890000	16336010	Recuperación e posta en valor do Patri. etnográfico	20.000,00	
3371.6220000	16337100	Novas instalacións, Zoo	10.000,00	
3371.6290000	16337101	Compra de animais, Zoo	6.000,00	
3371.6320000	16337102	Investimentos de reposición no recinto, Zoo	1.000,00	
3420.6230000	16342000	Caldeiras e equipos técnicos en instalacións deportivas	70.000,00	
3420.6250000	16342010	Mobiliario en instalacións, IMD	5.000,00	
3420.6260000	16342002	Informatización instalacións do IMD	20.000,00	
3420.6290000	16342003	Equipamento deportivo	50.000,00	
3420.6290001	16342001	Instalacións de desfibriladores	38.000,00	
3420.6320001	16342020	Investimentos de mellora nas inst. Da ETEA	385.994,20	
3420.6320002	16342030	Investimento no campo fútbol colexio Hogar	900.000,00	
4300.6190000	16430000	Mellora comercial na zona das ostras	20.000,00	
4312.6320000	12431000	3ª anualidade Mell. M. Do Berbés	334.603,81	
9120.6890000	16912000	Adquisición de obra	15.000,00	
9200.6390000	16920000	Reposición ascensor casa Consistorial	80.000,00	
9202.6240000	16920200	Adquisición de vehículo	130.000,00	
9202.6340000	16920210	Grandes reparacións de flota	20.000,00	
9206.6250000	16920600	Adquisición de mobiliario	40.000,00	
9207.6260000	16920700	Adquisición equipos informáticos	180.000,00	
9240.6250002	16924002	Mobiliario oficinas descentralizadas	30.000,00	
9330.6320000	16933000	Investimento mellora no P. Municipal	175.000,00	
Total			9.064.353,35	

Os empregos dos fondos públicos pretende abarcar distintos ámbitos de competencias e actividades do marco local, tratando de conquistar un desenvolvemento armónico e equilibrado, así como destinar os recursos necesarios para mellorar o funcionamento operativo dos servizos públicos.

Subvencións de capital

En canto ao capítulo VII, de transferencias de capital, está a recoller as subvencións nos locais das AA.VV, CCVV, Axudas na rehabilitación, etc, sendo a súa composición cuantitativa a seguinte:

Aplicación	Proxecto	Suv. Capital Entidade	2016	
			Re. propios	outra
1510.7670000	16151000	10% Plan de actuación CCVV	20.000,00	
2310.7800000	16231000	Axudas mellora en fogares	50.000,00	
3420.7800000	16342000	Alumeado campo fútbol Valadares	50.000,00	
9240.7800010	16924010	Subvencións capital Asociacións	150.000,00	
9240.7800000	16924000	Prazas de uso público	65.000,00	
Total			335.000,00	

INGRESOS

Os ingresos totais segundo o Proxecto do Orzamento do Concello para 2016, ascende a 225.673.317,20 euros, fronte aos 218.890.755,49 euros do orzamento prorrogado, o que supón unha variación á alza do 3,10%. Os estados consolidados ascenden a 225.930.986,42 euros, fronte aos 221.366.983,09 euros da prórroga, a variación á alza é do 2,06%.

Imposición directa e indirecta

A variación positiva dos Impostos directos é dun 1,56 por 100.

O Imposto sobre Bens Inmóbeis xuntamente co de características especiais, ten unha previsión de 64.500.000,00 euros, representa un 28,67 por 100 da totalidade dos ingresos correntes non financeiros e un 28,58 por 100 sobre a totalidade do orzamento. As previsións deste Imposto incrementábase respecto das aprobadas no Orzamento de 2013, nun 1,18 por 100. Esta variación ten a súa orixe nun 1,1% na actualización de índices e o resto, por melloras na xestión.

A previsión feita para os Vehículos de Tracción Mecánica por unha contía de 14.600.000 euros, diminúe en relación ca do ano anterior nun 6,41%, representa o 6,48 por 100 do total do orzamento e o 6,49 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros.

O imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana, ten unha previsión de 6.000.000 euros, aumenta nunha porcentaxe do 37,93%, esta previsión ten unha ponderación do 2,67 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros e do 2,66 por 100 sobre o orzamento total.

O Imposto sobre actividades económicas ten unha previsión de 13.227.275,34 euros, diminúe respecto do ano precedente un 2,02 por 100, e está a representar un 5,88 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros e un 5,87 por 100 sobre o orzamento total.

En relación coa cesión de tributos do Estado (IRPF, IVE e I.I.EE), a contía que figura nas previsións foi a notificada, a súa análise faise conxuntamente.

O resto dos Impostos Indirectos, tan só o conforma o ICIO, que ten a mesma previsión ca do ano precedente, mentres que a cesión do IVE e I.I.EE, está a compararse co orzamento prorrogado, aínda que na táboa, faise a comparación coas entregas a conta do ano 2015.

Capítulo III

As Taxas e Prezos Públicos medran nunha porcentaxe do 4,13 por 100, representan un 16,27 por 100 do total do orzamento e un 16,31 por 100 dos ingresos correntes non financeiros. As variacións son por axustes en aproveitamentos do dominio público, recargo de constrinximento e outros ingresos de dereito público non suxeitos a un padrón.

As contías orzamentadas teñen a súa análise, nos históricos e máis concretamente, nas liquidacións dos dous últimos anos.

No informe económico de ingresos tamén hai un maior detalle explicativo das variacións,

Participación en ingresos doutras Administracións

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no orzamento para o ano 2016, foron as notificadas oficialmente polo Ministerio de Facenda (Secretaría de Estado de Facenda e Orzamento), deducidas as compensacións polas liquidacións negativas pola Participación nos Tributos do Estado correspondentes aos anos 2008-2009, que pasan a devolverse-compensarse en 10 anos.

No concepto do Fondo Complementario de Financiamento, deducíronse 2.654.066,52 euros, que é precisamente a contía a compensar no ano 2016. Na análise que se achega na táboa, está a reflectir a totalidade dos ingresos, tanto pola cesión de tributos como polo Fondo Complementario de Financiamento.

A contía neta ano, ten a súa base de cálculo nas entregas a conta mensuais, no ano 2015, as entregas netas mes son de 6.129.518,75 euros das que 5.349.019,39 euros correspóndense co FCF, e 960.499,36 euros, son pola cesión do IRPF, IVE e II.EE.

As compensacións mensuais son: 186.373,93 euros no FCF e 34.798,28 euros, na cesión de tributos, aínda que se aplican na súa totalidade ao FCF.

A contía bruta mensual é de 6.350.690,96 euros.

As previsións que contén o orzamento son polas contías netas. Ademais no FCF engadiuse a Liquidación positiva do ano 2014, que está pendente de peche para a cesión de tributos, mentres que a contía de 3.326.380 euros, corresponde á liquidación positiva polo FCF.

En resumo, como se pode comprobar, as entregas a conta previstas e notificadas para o ano 2016, teñen unha variación negativa en relación co ano 2015 do 2,18%.

Ano	Total neto	% var. Neta	Bruto/año sen comp. Liqu.08-09	% v. Bruto	Comp./año	Liq. definitiva	Ano liq.	Ingreso real	%variac.
2011	63.056.630,40		64.414.473,36		-1.357.842,96 ¹	-21.109.291,08	2009 ²	61.698.787,44	
2012	56.723.905,55	-10,04%	60.609.231,18	-5,91%	-3.885.325,63 ³	4.435.966,19	2010	57.274.546,11	-7,17%
2013	71.931.608,96	26,81%	73.759.569,00	21,70%	-1.827.960,04 ⁴	-239.627,80	2011	69.864.021,12	21,98%
2014	68.477.385,61	-4,80%	71.131.452,12	-3,56%	-2.654.066,51 ⁵	3.153.134,21	2012	68.976.453,31	-1,27%
2015	73.554.225,00	7,41%	76.208.291,52	7,14%	-2.654.066,52	-3.527.129,03 ⁶ , 334.200,94 ⁷	2013	67.707.230,39	-1,80%
2016	71.952.869,48	-2,18%	74.606.936,00	-2,10%	-2.654.066,52	3.326.380,00	2014	72.625.182,96	7,26%

As contías que se reflecten na táboa anterior, teñen a súa fonte na base de datos do

1 Liquidación negativa 2008

2 Se compensa en 10 anos, a 175.910,77 euros, ya se había pagado en el año 2012 parte de ese saldo prorrateado a 5 años.

3 113.153,58 euros y 351.821,51 euros mes, durante 8 meses de la liquidación negativa de los años 2008-2009 respectivamente y 165.524,91 euros, liquidación negativa por cesión del año 2010, ya que las positivas fueron ingresadas en el año 2012 por 4.435.966,19 euros.

4 15.087,17 euros y 117.273,85 euros mes, durante 12 meses de la liquidación negativa de los años 2008-2009 respectivamente y 239.627,80 euros, liquidación negativa por cesión de tributos del año 2011

5 45.261,44 euros y 175.910,77 euros mes, durante 12 meses de la liquidación negativa de los años 2008-2009, 1 céntimo menos en el mes de enero.

6 Fondo complementario + IVA

7 IRPF + II.EE

MINHAP.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior en 6.199.366,92 euros, comunicada pola Xunta de Galicia, Consellería de Facenda.

Os importes relativos ao Plan Concertado e Drogodependencia, as previsións axústanse as horas de prestación comunicadas para o ano 2016, sobre as mesmas, aplícase a contía que a Xunta reintegra ao Concello, resultando unha contía de 1.695.000 euros e 550.000 euros respectivamente.

Concertación de pasivos financeiros

Como unha situación absolutamente nova en relación cos últimos 30 anos, cando se aprobaba un orzamento sempre tiña como recurso de financiamento unha operación de débeda. O orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais.

Ao longo destes últimos anos, púxose de manifesto que o servizo de débeda estaba a supoñer unha carga que estaba a ter unha repercusión negativa para a prestación de servizos, polo que, tal e como se fixo constar nesta memoria, acometéronse importantes operacións de amortización extraordinaria de débeda, que permitiu destinar a políticas sociais e de emprego un maior volume de recursos, que noutro caso non sería posible, e dicir, os empregos que se estaban a destinar aos bancos, están agora ao servizo das persoas.

Amósase na táboa seguinte o volume de recursos que pasaron de entregarse aos bancos e que agora están a dotar as políticas sociais.

Análise da anualidade media de aforro que supuxo a amortización anticipada de débeda

Ano	A. Extraordinaria	A. Ordinaria	T. Amortización	Novas operacións	Aforro	A.M A capítulos III e IX
2013	16.656.233,44	9.077.390,74	25.733.624,18	8.831.560,08	3.818.601,38	2.405.353,10
2014	10.186.743,88	6.800.355,46	16.987.099,34	4.756.254,68	2.464.707,13	1.369.568,57
2015	10.780.629,21	6.013.935,01	16.794.564,22	,00	1.283.019,34	1.964.214,90
Total	37.623.606,53	21.891.681,21	59.515.287,74	13.587.814,76	7.566.327,85	5.739.136,57

A.M.A: Anualidade media de aforro que anualmente non se imputa aos capítulos III e IX do estado de gastos (Gastos de xuros da débeda e amortización de débeda do ano). O Aforro destas contías nos citados capítulos, permite facer empregos ou aplicacións a outros capítulos do orzamento.

Conclusión

En resumo, o proxecto de orzamentos que se presenta, garante a prestación da totalidade dos servizos, os programas de contido social como: a promoción e benestar social, axuda no fogar, axudas a estudos na lingua estranxeira, becas de comedor, axudas a libros, gasto en educación, gasto en comedores sociais, centro de emerxencia, fomento de emprego, programas de axuda a alugueiros, alimentos e carencia enerxética, etc, aumentan as porcentaxes do ano anterior ou nalgún caso, case duplica a dotación, o que hai que considerar non só importante pola súa contía, senón

pola decisión de facer fronte a situacións especialmente difíciles pola aplicación das políticas orzamentarias.

Estamos polo tanto, ante un orzamento solidario, social, equilibrado e responsable.

O orzamento, é unha ferramenta que permite actuar como un mecanismo redistributivo da riqueza, por iso, nesta conxuntura, utilízase para facer fronte ás necesidades máis acuciantes. Por outra banda, unha xestión máis eficiente no manexo dos recursos públicos e un menor custe do servizo de débeda concrétese na posibilidade de presentar un proxecto de orzamentos que trata de dar resposta aos problemas que teñen os cidadás na situación actual.

En resumo, un orzamento que prioriza os empregos de acordo a prioridade que lle outorgan os cidadás.

Estas son as señas identitarias deste proxecto, un orzamento rigoroso, responsable, solidario, social e inversor, que se presenta ao Pleno da Corporación para o seu estudo e aprobación si procede, e que rexerá para todo o ano 2016.

En Vigo, a 9 de outubro de 2015

O ALCALDE PRESIDENTE

Abel R. Caballero Álvarez

